

CARTA DE DESPEDIDA AOS MEUS ALUMNOS

Queridos alumnos, estamos a uns días de despedirnos deste curso e seguir por un tempo cada quen o seu camiño. Foi un período curto o que pasamos xuntos debido a circunstancias excepcionais pero non me gustaría irme sen decirvos algunhas cousas importantes:

En canto a min, non sei que vos aporte, que vos levades de min, do que sei e do que son, sen dúbida, intentei darvos o máximo dentro das miñas posibilidades cada día. O meu obxectivo non era simplemente que aprenderades, senon moito máis ca iso. Ademais de coñecementos gustárame que vos levarades parte dos meus valores, das miñas actitudes, da miña forma de entender a vida y que esto vos resulte útil para o voso futuro.

Ahora tedes o verán por diante polo que me encantaría que non perderades o gusto por aprender, por descubrir, por investigar, por estar conectados con todo o que vos rodea, e por suposto que descansades e disfrutes moito das vacacións.

En especial, citar ao alumnado de 6º, rematan unha etapa educativa e afrontan unha nova na que lles desexo que todo lles vaia xenial.

Esto non é unha despedida, porque penso volver a visitarvos e se hai sorte espero volver a traballar neste colexio onde tan ben me trataron.

“GRACIAS POR TANTO, GRACIAS POR TODO”, MESTRES, ALUMNADO E FAMILIAS!!!!

UN SAÚDO E UNHA APERTA - SANTI